

Benqueridas familias,

Trasladámosvos a información relativa á oferta de actividades extraescolares no noso colexio neste curso 2021/2022. Como sabedes, estas actividades son xestionadas pola ANPA do José Cornide, polo que é preciso ser socio/a da mesma.

As actividades ofertadas son:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
De 16 a 17 h	Patinaxe (FEDAPAS)	Capoeira (FEDAPAS)	Patinaxe (FEDAPAS)	Capoeira (FEDAPAS)	Judo (EDUKAJUDO)
De 17 a 18 h	Expresión plástica e manualidades (FEDAPAS)	Xogos de taboleiro e axedrez (FEDAPAS)	Expresión plástica e manualidades (FEDAPAS)	Xogos de taboleiro e axedrez (FEDAPAS)	

**Pola Federación de Anpas en colaboración co Concello de A Coruña:
PATINAXE, CAPOEIRA, EXPRESIÓN PLÁSTICA (pintura) E XADREZ**

As actividades de Patinaxe e Capoeira levaranse a cabo no **pavillón** cedido polo IES Sardiñeira, agás os martes que a actividade de Capoeira se realizará no **patio cuberto** por imposibilidade de uso do pavillón. As actividades de Expresión plástica e manualidades e a de xogos de taboleiro e xadrez levaranse a cabo nas **instalacións do comedor** do colexio.

O periodo de realización das actividades impartidas a través da FEDAPAS é do 1 de outubro ó 31 de maio de 2022, e os prezos son os seguintes:

Periodo de outubro-décembro: 15€ por participante e actividade

Periodo de xaneiro-marzo: 15€ por participante e actividade

Periodo abril-maio: 10€ por participante e actividade

Ademáis todos os escolares deben aboar unha cota anual de 4€ en concepto de seguro de accidentes.

Recordade que os alumnos/as beneficiarios da beca comedor para o curso 21/22 están exentos do pago da actividade, non así do seguro de accidentes. Este dato debe ser reflexado no momento da inscrición.

**Por Edukajudo:
JUDO**

A actividades de Judo levarase a cabo no **pavillón** cedido polo IES Sardiñeira

O período de realización de Judo, impartida pola entidade Edukajudo é do 1 de outubro ó 22 de xuño de 2022 e o custo da mesma é de 17€/mes por participante. Ademais cada participante debe facer o trámite de inicio de curso (licencia federativa) que ten un custo de 35€.

SOLICITUDES DE INSCRIPCIÓN (xa aberto o prazo):

- **ACTIVIDADES DA FEDERACIÓN (PATINAXE, CAPOEIRA, PINTURA E XADREZ)**

O **plazo de inscrición** das actividades da **FEDAPAS remata o 19 de setembro** e farase a través do seguinte enlace:

<http://www.fedapascoruna.org/inscripciones/>

- **ACTIVIDADE DE EDUKAJUDO (JUDO)**

A inscrición farase a través do seguinte enlace:

<https://edukajudo.com/colegio-jose-cornide/>

Por **limitación de aforo**, terán **preferencia na inscrición os alumnos que xa realizaran a actividade en cursos pasados** e terase en conta a **orde de solicitude** de inscrición.

Por último, comentarvos que, segundo a enquisa que vos pedimos que cubriades a actividade de Judo ten moita demanda e seguro que se pode levar a cabo; patinaxe tamén se demandou bastante, pero todas as actividades teñen un número mínimo de participantes de 10 nenos, polo que dependemos das vosas inscricións para que finalmente sexan viables no noso cole.

Respecto á actividade de Pintura, por protocolo covid, consideramos máis axeitado ofertala a través da Federación.

Baloncesto polo momento non a podemos ofertar dada a baixa demanda, e por non dispor de pavillón nos días inicialmente propostos. Seguimos barallando outras posibilidades, das que, se consideramos factibles, vos enviaremos nova información.

Se tedes algunha dúbida ó respecto podedes contactarnos por mail ou whatsapp.

Un saúdo,

ANPA SARDIÑEIRA

COLEXIO JOSÉ CORNIDE SAAVEDRA

A Coruña, 16 de Setembro de 2021